

MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

María do Carme Kruckenberg Sanjurjo foi una escritora galega que naceu en Vigo o 3 de xuño de 1926 e morreu na mesma cidade o 16 de maio de 2015.

Foi filla de nai galega e pai mexicano de orixe alemá (de aí o seu apelido). Con 12 anos participou como actriz na obra de teatro de Álvaro Cunqueiro *Érase una vez...*

Estudou pola súa conta: idiomas, ciencias, literatura... converténdose nunha autodidacta.

Viviou en Arxentina 4 anos, onde coñeceu moitos escritores galegos emigrados e arxentinos. De volta en Madrid, participou unhas reunións do *Café Gijón*. Cando volveu a Galicia, traballou como delegada científica nos Laboratorios Servier.

Autora de contos, a maioría en galego, e tradutora, tamén traballou en diversas revistas e periódicos, sobre todo en *Faro de Vigo*. Foi, entre outros premios, recoñecida con: Premio Alecrín 1997, a Medalla de Galicia 1998, Medalla de Castelao (2002) e o Premio Laxeiro (2011).

En 2006 foi nomeada socia de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega, entidade da que foi vicepresidenta.

En 1999 dedicóuselle unha praza en Vigo e en 2015 se lle rinde homenaxe dentro do Proxecto: *Vigo, cidade de cores*.

ACTIVIDADES

1. Arrastra as palabras en verde para clasificalas na seguinte táboa.

	Nome común feminino singular
	Nome común masculino singular
	Nome común feminino plural
	Nome común masculino plural
	Nome propio

2. Arrastra as palabras en vermello para clasificalas na seguinte táboa.

Monosílaba	Bisílaba	Trisílaba	Polisílaba

3. Arrastra as sílabas onde corresponda (LEMBRA: a sílaba tónica leva o golpe de voz; as átonas non levan golpe de voz).

Vi-go	Tónica	Átona
-------	--------	-------

Ci-da-de	Tónica	Átona	Átona
----------	--------	-------	-------

Co-res	Tónica	Átona
--------	--------	-------

Ho-me-na-xe	Tónica	Átona	Átona	Átona
-------------	--------	-------	-------	-------

4. Fai este rompecabezas de María do Carme Kruckenberg

https://puzzel.org/es/jigsaw/play?p=-M7vkh_UI2Nu_Cfsvljp

